

## XÉNEROS MENORES

Denominamos así unha serie de modalidades poéticas cunhas características temáticas e formais moi definidas, de longa tradición literaria, pero que foron pouco cultivadas no ámbito galego-portugués. Podemos distinguir:

- **Pastorela.** É un xénero moi cultivado en Francia e Provenza. Conta o encontro entre un cabaleiro e unha pastora nun medio bucólico. Representa as posibilidades do amor entre un nobre e unha vilá, polo que está fóra do código do amor cortés. No ámbito galego-portugués conservamos oito textos que adoptaron elementos da cantiga de amor ou da de amigo, dando lugar a unha forma híbrida.
- **Lai.** Denominamos así cinco textos transmitidos polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa como “lais de Bretaña”, que traducen ao galego-portugués libremente poemas franceses incluídos no *Livro de Tristán*. Están postos en boca de personaxes do ciclo artúrico.
- **Pranto.** Trátase dunha composición na que o trobador expresa a dor pola morte dunha persoa e loa as súas calidades. As orixes do pranto medieval remóntanse ao *planctus* latino. En galego-portugués conservamos cinco cantigas pertencentes a este xénero. Están adicados a personaxes de clase social alta.
- **Tenzón.** Caracterízase por ser un texto dialoal, en que interveñen dúas voces que se corresponden con dous autores distintos que interveñen de forma alterna e que dispoñen de igual número de estrofas. . Conservamos 30 textos que se poden adscribir a este xénero.
- **Descordo.** Prové do *descort* provenzal. Caracterízase pola falta dun esquema métrico único para toda a composición. É unha variedade da cantiga de amor. O único descordo que conservamos é o poema de Nuno Eanes Cerzeo, que emprega esta denominación no último verso: *e meu descord' acabarei*.
- **Sirventés moral.** Expresa un rexeitamento radical pola marcha do mundo e lamenta a dexeneración e corrupción dos costumes en que cae a sociedade da época, comparándoa cunha idade dourada anterior. Pode lamentar a desaparición de virtudes ou valores específicos como a verdade ou o amor.